



# **PLAN ANUAL DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO 2010**

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



# ÍNDICE

## 1. INTRODUCCIÓN

## 2. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CONTRIBUCIÓN Á REDUCCIÓN DA POBREZA COLABORANDO NA CONSECUCIÓN DOS OBTXECTIVOS DO MILENIO (ODM) E PROMOVENDO O DESENVOLVEMENTO NOS PAÍSES DO SUR

2.1. Actuacións no exterior financiadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. no marco dos diferentes instrumentos.

- Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes.
- Convocatoria de subvencións para programas de cooperación de ONGD.
- Convocatoria de subvencións para microproxectos de cooperación de ONGD.
- Convenios de cofinanciamento con entidades dedicadas á cooperación.

2.2. Actuacións doutros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia.

## 3. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA MELLORA DA CALIDADE DA AXUDA INCORPORANDO DE FORMA MÁIS EFECTIVA OS PRINCIPIOS DA AXENDA DE PARÍS

3.1. Introducción de melloras nos instrumentos que canalizan as axudas para actuacións no exterior.

3.2. Coordinación interadministrativa.

3.3. Plan anual de avaliacións.

3.4. Modificacións normativas.

3.5. Estudos e informes

3.6. Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos.

#### **4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA PROMOCIÓN NA SOCIEDADE GALEGA DA CONCIENCIA SOLIDARIA RESPECTO Á REALIDADE DO SUR E DA SÚA PARTICIPACIÓN EFECTIVA NA PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO**

- 4.1. Convocatoria de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD.
- 4.2. Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD)
- 4.3. Convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fogacosol)
- 4.4. Bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento
- 4.5. Cursos de formación
- 4.6. Colaboración coas universidades galegas
  - Apoio á formación
  - Apoio ás actuacións de sensibilización
  - Observatorio da Cooperación Interuniversitaria (OCI)
- 4.7. Modificacións normativas
- 4.8. Estudos e publicacións
- 4.9. Conmemoración de datas significativas para a cooperación internacional para o desenvolvemento
- 4.10. Campaña de Promoción dos Obxectivos do Milenio (ODM)

#### **5. ACTUACIÓNS DA FUNDACIÓN AXENCIA HUMANITARIA DE GALICIA**

#### **6. ORZAMENTOS**

## **1. INTRODUCCIÓN**

Co Plan anual 2010 da Cooperación Galega iníciase a vixencia do II Plan director da cooperación galega 2010-2013, nun ano especial marcado por unha situación complicada en termos de contexto e conxuntura económica tanto a nivel nacional como internacional.

Esta situación de crise económica global, da que nin a cidadanía galega nin o seu Goberno están illados, obrigou a un axuste orzamentario en moitas das partidas de gastos da Xunta de Galicia para o exercicio 2010, que tamén afectou a área de cooperación exterior. A pesar desta redución de recursos, no ano 2010 cumpríranse todos os compromisos adquiridos en exercicios anteriores e incrementárase a porcentaxe de recursos destinada ás convocatorias públicas de axudas e subvencións.

Cómpre facer referencia tamén á crise humanitaria producida polo terremoto que tivo lugar en Haití a mediados do mes de xaneiro, o cal obriga a ter en conta na programación anual da cooperación galega a axuda de emerxencia e a posterior de reconstrución que a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia destinarase a paliar os efectos da catástrofe. Tamén o país recibirá un tratamento prioritario nas convocatorias públicas de subvencións para proxectos de cooperación.

De acordo coas orientacións do II Plan director 2010-2013 que rexerá a política de cooperación ao desenvolvemento do Goberno galego durante os vindeiros catro anos, a cooperación galega orientarase neste ano 2010 a mellorar a eficacia da axuda a través da concentración xeográfica da mesma, dunha maior coordinación dos actores e complementariedade das súas actuacións, dunha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa Comunidade Autónoma e dunha aposta por actuacións a longo prazo que redunden nun desenvolvemento sostible e nun maior impacto das mesmas.

O II Plan director da cooperación galega (a partir de agora II PD) estrutúrase en tres ámbitos estratéxicos de actuación, nos que se focalizará a actividade a desenvolver durante todo o seu período de vixencia:

- A contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e promovendo o desenvolvemento nos países do Sur.
- A mellora da calidade da Axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París.
- A promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do Sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento.

Para cada un destes ámbitos estratéxicos de actuación o novo Plan director establece obxectivos xerais e específicos, e por vez primeira un conxunto de indicadores cuantitativos e cualitativos que facilitarán o seguimento e posterior avaliación dos compromisos adquiridos.

O primeiro ámbito de actuación agrupa as accións que se levarán a cabo nos países en desenvolvemento destinatarios da axuda a través dos proxectos e programas de desenvolvemento e acción humanitaria.

O segundo ámbito corresponde ás accións que se levarán a cabo co obxectivo de mellorar a calidade e eficacia da política galega de cooperación, creando as condicións para que, dende o punto de vista das políticas e instrumentos, a cooperación despregue o maior potencial transformador posible nos países en desenvolvemento.

O terceiro ámbito corresponde ás accións que se levarán a cabo co obxectivo de afianzar e reforzar a base social que sustenta a política de cooperación, así como a implicación activa da cidadanía nas accións en que se concreta a devandita política.

O Plan anual 2010 establece os **compromisos**, os **medios de actuación** e os **recursos orzamentarios** do goberno galego para este ano seguindo o esquema establecido no propio Plan director, agrupando cada unha das actuacións previstas dentro dos tres ámbitos sinalados, para garantir deste xeito a súa contribución ao cumprimento dos obxectivos fixados no II PD, sen perder de vista os indicadores establecidos.

O mantemento do mesmo esquema de actuación do II PD tanto no presente Plan como nas vindeiras planificacións anuais reforzará o compromiso de cumprimento dos seus obxectivos, así como a aposta por acadar unha maior previsibilidade, concentración e impacto da política galega de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria.

2. **ACTUACIONES RELACIONADAS COA CONTRIBUCIÓN Á REDUCCIÓN DA POBREZA COLABORANDO NA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO MILENIO (ODM) E PROMOVEDO O DESENVOLVEMENTO NOS PAÍSES DO SUR**

Neste ámbito de actuación inclúense as propostas de actuación que van ser levadas a cabo nos países en desenvolvemento destinatarios de axuda, de acordo co obxectivo último ao que se encamiñan os esforzos que son: facer realidade os ODM, promover o desenvolvemento e loitar contra a pobreza. Defíniranse, polo tanto, os propósitos a conseguir nos países socios por parte dos actores do sistema galego de cooperación para o desenvolvemento, fixando os contidos e áreas onde se tratarán de concentrar os esforzos da axuda.

A delimitación das prioridades, propósitos e obxectivos neste ámbito para o ano 2010 coincide coas establecidas no II PD e, para establecer como se traballará no seu cumprimento, referirémonos: ás novidades e cambios que neste ano 2010 se producirán no modo de actuar da cooperación galega no exterior, a través do seus instrumentos, ás actuacións concretas que xa están programadas, ás que se prevé iniciar no ano 2010 e aos importes que se destinarán a todas elas.

O primeiro ámbito de actuación do II PD inclúe os seguintes obxectivos:

| Ámbitos de actuación  | Obxectivos xerais  | Obxectivos específicos  |
|---|--|---|
| Ámbito 1:<br><br>Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur | O.X. 1<br>Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM           | O.E. 1.1<br>Priorizar as actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas   |
|   |  | O.E. 1.2<br>Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados   |
|   |  | O.E. 1.3<br>Priorizar as accións dirixidas aos grupos especialmente vulnerables   |
|   | O.X. 2<br>Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable | O.E. 2.1<br>Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático u outras causas |

| Ámbitos de actuación | Obxectivos xerais  | Obxectivos específicos   |
|----------------------|--|--|
|                      |  | <p>O.E. 2.2<br/>Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores nos que Galicia aporta un recoñecido valor agregado, como ás formas de organización baseadas no cooperativismo</p> |
|                      |  | <p>O.E. 2.3<br/>Fomentar os proxectos en que se contemplan o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable</p>   |
|                      | <p>O.X. 3<br/>Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil</p>                           | <p>O.E. 3.1<br/>Potenciar o desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais</p>  |
|                      |  | <p>O.E. 3.2<br/>Promover o respecto aos Dereitos Humanos, fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento</p>   |
|                      | <p>O.X. 4<br/>Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero</p> | <p>O.E. 4.1<br/>Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de xénero no desenvolvemento a todas as propostas de actuación</p>  |
|                      |  | <p>O.E. 4.2<br/>Apoiar as políticas públicas que favorezan a igualdade e a mobilidade social</p>   |
|                      |  | <p>O.E. 4.3<br/>Defender a interculturalidade</p>  |
|                      | <p>O.X. 5<br/>Realizar unha Acción Humanitaria integral de calidade</p>  | <p>O.E. 5.1<br/>Contribuír a redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade das poboacións ante posibles catástrofes</p>   |
|                      |  | <p>O.E. 5.2<br/>Mellorar a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución</p>   |



## **2.1. Actuacións no exterior financiadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. no marco dos diferentes instrumentos**

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E., dispón dun amplo repertorio de instrumentos para canalizar os fondos destinados á axuda internacional para o desenvolvemento; os principais son as convocatorias públicas de axudas e subvencións e os convenios de colaboración con entidades de diversa índole para o cofinanciamento de actuacións no exterior.

O conxunto das diferentes convocatorias públicas de axudas e subvencións para proxectos de cooperación no exterior continuará sendo no ano 2010 o principal medio de canalización de fondos procedentes das partidas orzamentarias de cooperación exterior.

Os convenios de cofinanciamento utilizaranse para levar a cabo accións que, debido á súa natureza ou ás características da entidade que as leva a cabo, non se adaptan ben aos marcos de actuación que se promoven a través das convocatorias públicas de subvencións.

A situación de crise económica referida anteriormente, que obrigou a un axuste orzamentario nas partidas dedicadas á cooperación ao desenvolvemento, significará na práctica unha priorización das convocatorias públicas de axudas sobre os convenios de colaboración, tal e como demanda o sector.

A redución orzamentaria non vai afectar nin aos compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias públicas de axudas e nos convenios asinados en anos anteriores con anualidade 2010, nin ás dotacións financeiras das convocatorias públicas do exercicio 2010, que suporán no seu conxunto máis do 60 % do total das partidas dedicadas á cooperación ao desenvolvemento nese ano.

Nas bases reguladoras das convocatorias públicas que, como xa adiantamos, serán o instrumento principal de canalización da axuda galega ao desenvolvemento, introdúcense novidades destinadas a favorecer o cumprimento dos obxectivos previstos no primeiro ámbito de actuación do II PD.

Así e con carácter xeral, as novidades máis destacables son as seguintes:

- Para garantir que as actuacións desenvolvidas contribúan a loita contra a pobreza e a consecución dos ODM (O.X. 1), todas as convocatorias atenderán ás prioridades xeográficas e sectoriais que reflexa o II PD 2010-2013, sendo este un dos criterios que se terá en conta na valoración das propostas. Deste xeito asúmese o compromiso de concentración de esforzos cara unha maior integralidade e capacidade de impacto da axuda.
- En relación cos sectores de actuación, mantéñense as prioridades sectoriais definidas no I Plan director para garantir a continuidade, a previsibilidade e a consolidación no medio prazo dos contidos especializados da cooperación galega. As novidades radican no cambio do peso relativo dos sectores cara unha planificación máis realista e a

modificación de denominación en tres prioridades. Priorizaranse aquelas actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas (O.E. 1.1)

- A valoración das propostas levarase a cabo tendo en conta en que medida se tomaron en consideración para o seu deseño o conxunto de prioridades transversais definidas polo II PD. O novo PD establece cinco prioridades transversais, catro coincidentes coas establecidas no I PD e unha nova relativa á defensa da interculturalidade. Garantindo que as propostas financiadas tomen en consideración as prioridades transversais establecidas, apoiárase a mellora na xestión ambiental (O.E. 2.1), a promoción no respecto dos dereitos humanos (O.E. 3.2), a promoción do empoderamento das mulleres (O.E. 4.1) e o fomento da igualdade e a mobilidade social (O.E. 4.2) e a defensa da interculturalidade (O.E. 4.3)

- **Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD e das universidades, das empresas e organizacións empresariais, dos sindicatos e das comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación.

A dotación total da convocatoria do ano 2010 é de 3.350.000 euros para proxectos de cooperación de ONGD (1.675.000 con cargo aos orzamentos de 2010 e 1.675.000 con cargo aos de 2011) e 1.000.000 euros para proxectos de cooperación dos outros axentes (500.000 con cargo aos orzamentos de 2010 e 500.000 con cargo aos de 2011)

Ditos importes supoñen un incremento sobre orzamento inicial da convocatoria do ano 2009 do 11.67 % para proxectos de cooperación de ONGD e do 25 % para proxectos de cooperación dos outros axentes.

Aplicanse a esta convocatoria todas as novidades antes expostas.

Neste ano 2010 manteranse, como non podería ser de outro modo, os compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias correspondentes ao ano 2009, segundo o disposto na Resolución de 1 de abril de 2009 pola que se conceden subvencións para proxectos no exterior de ONGD e na Resolución do 1 de abril de 2009 pola que se conceden subvencións para proxectos no exterior de outros axentes, de acordo coa seguinte distribución:

- Proxectos no exterior de ONGD: 1.194.302 € para o ano 2010, distribuídos en 21 proxectos: 3 en Guatemala, 3 en Nicaragua, 2 en Angola, 3 en O Salvador, 4 en Perú e 6 en outros países prioritarios.
- Proxectos no exterior de outros axentes: 95.900 € para o ano 2010, distribuídos en 3 proxectos en Guatemala, Cuba e O Salvador.

- **Convocatoria de subvencions para programas de cooperacion de ONGD**

O obxecto destas axudas é a execución de programas de cooperacion no exterior das organizacións non gobernamentais.

Os programas son unha ferramenta de longo percorrido que contribúe á consolidación de procesos de desenvolvemento a medio prazo. Están encamiñados a apoiar procesos de transformación integrais nos países en vías de desenvolvemento, contribuíndo dun xeito efectivo á loita contra a pobreza mediante a promoción dun desenvolvemento socioeconómico e cultural sostible.

No ano 2010 non se ten previsto publicar unha nova convocatoria de programas. Ademais das limitacións orzamentarias que impedirían unha axeitada dotación da convocatoria, consideremos necesario facer un exercicio de reflexión - avaliación deste instrumento, dado o significativo volume de fondos que canaliza. Coma no deseño das bases das convocatorias do 2010, esperamos contar cos aportes de todos os axentes para xerar un proceso de reflexión conxunto. Neste sentido será preciso tamén fortalecer o seguimento sobre os programas financiados ata o momento.

Cumpriranse tamén cos compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias correspondentes aos anos 2008 e 2009, segundo o disposto na Resolución do 30 de outubro de 2008 do secretario xeral de Relacións Exteriores e do 1 de outubro de 2009 do conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, polas que se conceden subvencions para programas no exterior de ONGD, de acordo coa seguinte distribución:

- Convocatoria ano 2008: 654.846 € para o ano 2010, distribuídos en 4 programas en Nicaragua, Honduras e Guinea Bissau.
- Convocatoria ano 2009: 768.156,37 € para o ano 2010, distribuídos en 4 programas en Nicaragua, Honduras, Bolivia e Mauritania.

- **Convocatoria de subvencions para microproxectos de cooperacion de ONGD**

O obxecto destas axudas é a execución de microproxectos no exterior das organizacións non gobernamentais.

Esta convocatoria concíbese como un instrumento dirixido a ONGD con pouca experiencia na xestión de proxectos, e que polo tanto contan con escasas oportunidades de lograr financiamento a través da convocatoria ordinaria de proxectos, en competencia con entidades máis expertas.

Coas axudas aos microproxectos apóiase o traballo das ONGD nos países en desenvolvemento a través de intervencións de menor envergadura que os proxectos, pero encamiñadas do mesmo xeito á mellora das condicións de vida das súas poboacións.

A dotación para o ano 2010 desta convocatoria será de 175.000 euros, o que supón un incremento sobre orzamento inicial da convocatoria do ano 2009 do 16,66 %.

No deseño da convocatoria deste ano aplicaranse todas as novidades anteriormente expostas e atenderase a consecución dos obxectivos principais do instrumento, e dicir, o acompañamento ás entidades con menor experiencia para que podan integrarse no tecido da cooperación como axentes activos e a promoción da progresiva independencia de ditas entidades.

- **Convenios de cofinanciamento con entidades dedicadas á cooperación**

Os convenios de colaboración son acordos de cofinanciamento de actuacións entre a Xunta de Galicia e os axentes de cooperación para levar a cabo actuacións en calquera ámbito de desenvolvemento.

Os convenios cumpren un papel importante, por canto permiten levar a cabo accións que, debido á súa natureza ou ás características da entidade que as vai levar a cabo, non se adaptan ben aos marcos de actuación que se promoven a través de convocatorias públicas de subvencións.

Concretamente reservarase a súa utilización para os seguintes casos:

En primeiro lugar, cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan apelar aos procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.

En segundo lugar, cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.

En terceiro lugar, sempre que se deban convir accións conxuntas con entidades que pola súa natureza non poidan acollerse ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias, como é o caso das entidades do Sur.

No caso de que a Xunta de Galicia considere necesario promover algunha actuación que non poida ser financiada mediante as convocatorias ordinarias de axudas ás diferentes actuacións de cooperación, acudirase a este instrumento de financiamento.

Asinaranse polo tanto os convenios necesarios para o desenvolvemento de actividades, dentro das disponibilidades orzamentarias. Poderase utilizar este instrumento para iniciar novas liñas de actuación na provincia de Cabo Delgado, Mozambique, cando se remate os procesos de identificación de proxectos que se están levando naquela zona promovidos pola propia Xunta de Galicia e polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Cumpríranse igualmente os compromisos adquiridos nos convenios de colaboración asinados en anos anteriores, que representan un importe total de 1.495.371 € cos que se están a financiar actuacións en Guatemala, República Dominicana e Cuba.

Cómpre destacar neste eido os convenios de colaboración relacionados coas Iniciativas de Desenvolvemento Integral financiadas pola Xunta de Galicia que foron asinados no ano 2009 e que inclúen compromisos para o ano 2010., ou programas sectoriais como o Programa de

Formación de Pescadores Artesanais en Centroamérica (Profopac) , ao que se prevé da continuidade no 2010.

As dúas iniciativas de desenvolvemento integral que continúan a ter financiamento no ano 2010 son o *Programa de desenvolvemento integral Oxlajuj Tz'ikin Champerico-Retalhuleu*, que se está a desenvolver no departamento de Retalhuleu en Guatemala, e o *Programa de desenvolvemento integral de mellora do Barrio de Santa Lucía – La Mosca*, na República Dominicana.

### ***Programa de desenvolvemento integral Oxlajuj Tz'ikin Champerico-Retalhuleu, en Guatemala***

O programa, que está a desenvolverse xunto coas municipalidades de Retalhuleu e Champerico, organízase segundo cinco compoñentes, centrados en cinco sectores de actuación: saúde, educación, seguranza alimentaria, habitabilidade básica e saneamento.

Así mesmo, implica tres liñas ou compoñentes transversais: fortalecemento institucional, fortalecemento comunitario e xestión de riscos.

Ademais trabállase en tres enfoques de modo transversal en todos os compoñentes: xénero, ambiente e dereitos humanos, con especial énfase na pertinencia cultural.

Para o desenvolvemento de cada compoñente cóntase coa participación de 5 ONGD galegas con experiencia no país e na zona de intervención, coa intención paralela do fortalecemento das súas delegacións en Galicia, así como de 8 organizacións sociais guatemaltecas:

- No ámbito de saúde e educación traballan: Farmacéuticos Mundi, Educación Sen Fronteiras, Asociación Servizos Comunitarios de Saúde Aseca, Proxecto de Desenvolvemento Santiago Prodesa.
- No da economía e produción: ACSUR, Asociación para a promoción e o desenvolvemento da comunidade “Ceiba”, A.M.O.N.
- En habitabilidade básica (vivenda e servizos: auga, saneamento e enerxía): Arquitectos Sen Fronteiras (ASF), Solidariedade Internacional (SI), Asociación Pro Auga do Pobo (ADP).
- Na liña de fortalecemento institucional: Fundación Incide.
- Na de fortalecemento comunitario e enfoque de xénero: Coordinadora Nacional Indíxena e Campesíña (Conic).
- Na xestión do risco e prevención de desastres: ACSUR las Segovias, CPDL (Colectivo Poder e Desenvolvemento Local), con financiamento da FAHG.

No ano 2009 asináronse 5 convenios de colaboración coas entidades participantes no programa, téndose comprometido un orzamento total de 1.101.536 € para o ano 2010.

### ***Programa de desenvolvemento integral de mellora do barrio de Santa Lucía- La Mosca, na República Dominicana***

O programa pretende o desenvolvemento da poboación do barrio de Santa Lucía, na cidade de Santiago de los Caballeros, especialmente contando coa rehabilitación e desenvolvemento no contorno do vertedoiro anexo.

Liderado conxuntamente co Concello de Santiago de los Caballeros, a través da *Corporación de Aseo de Santiago (CASA)*, conta coa participación da ONGD Asemblea Cooperación pola Paz e das institucións dominicanas Fundación Solidariedade, Cámara de Comercio de Santiago de los Caballeros, Jacarafe e Fundelosa, ademais da Corporación do Acueduto e Rede de Alcantarillado de Santiago (Coraasan).

Os sectores de actuación nos que se traballa son os de fortalecemento da sociedade civil, saneamento básico e habitabilidade, saúde primaria e preventiva, educación técnica-profesional e desenvolvemento produtivo.

No ano 2009 asináronse 3 convenios de colaboración coas entidades participantes no programa, comprometendo un orzamento total de 343.835 € para o ano 2010.

### ***Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica (Profopac)***

Integrado no “*Plan de apoio á pesca en Centroamérica (PAPCA)*” implementado en sete países da rexión centroamericana (O Salvador, Honduras, Nicaragua, Guatemala, Panamá, Costa Rica e Belice), e en coordinación coa Organización do Sector Pesqueiro e Acuícola do Istmo Centroamericano (Ospesca) e coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, no ano 2007 naceu o *Programa de formación para a pesca artesanal en Centroamérica (Profopac)* como un dos eixes estratéxicos para contribuír ao desenvolvemento do sector.

O propósito do Profopac consistiu en elevar os niveis de capacitación e de formación do sector pesqueiro artesanal centroamericano como estratexia de apoio económico, social e ambiental sostible da rexión, estruturándose en tres actuacións fundamentais: reforzo institucional, apoio aos pescadores artesanais e formación de formadores.

O II PD contempla a continuidade do Profopac, como instrumento que permitirá dar cobertura ao obxectivo de potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable, e prioridades sectoriais como a seguridade alimentaria e o mellor aproveitamento e xestión integral sostible dos recursos pesqueiros.

No ano 2010 tense previsto realizar unha avaliación das actuacións financiadas nos tres anos de vixencia de Profopac co fin de que poda servir de orientación na formulación dunha nova fase na que pretende afondar nos logros acadados ata o momento e incidir na profesionalización sectorial como estratexia que leve á poboación implicada ao

desenvolvemento progresivo dos seus coñecementos e prácticas económicas, de acordo cos principios de sustentabilidade e produtividade.

## **2.2. Actuacións doutros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia**

Ademais das actuacións promovidas polo departamento competente en materia de cooperación exterior, outros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia achegarán recursos orzamentarios e coñecementos técnicos a través de actuacións no eido da cooperación para o desenvolvemento, en coordinación coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Cabe destacar os seguintes:

### **• Consellería do Mar**

Un dos ámbitos nos que se dan as mellores condicións para que Galicia realice una cooperación transformadora pola súa especialización é o da pesca.

Polo tanto, a Consellería do Mar, a través do Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), continuará neste ano a realizar proxectos no eido da cooperación ao desenvolvemento, aportando ademais dos coñecementos técnicos, un total de 300.000 euros con cargo aso seus orzamentos de 2010.

As actuacións previstas, entre outras, para este ano 2010 son as seguintes:

- Namibia
  - Asistencia técnica para o reforzo de capacidades de investigación do Instituto de Investigación Pesqueira de Namibia (Natmirc)", cunha dotación de 35.731,22 €
  - Asistencia técnica para apoiar ao Ministerio de Pesca e Recursos Mariños do goberno namibiano implementar a súa estratexia de desenvolvemento en materias de acuicultura, cunha dotación de 36.143 €
- Mozambique
  - Reforzo ao desenvolvemento da acuicultura rural na provincia de Niassa, cunha dotación de 94.000 €
- Perú
  - Desenvolvemento de actividades acuícolas na zona litoral de Pisco, provincia de Ica, cunha dotación de 116.549,55 €

### **• Actuacións do Centro Superior de Hostalería de Galicia**

O Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) é unha institución dedicada á formación en materia hoteleira e turística, que aproveita o seu coñecemento para asesorar a empresas e

administración. Está integrado na Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A. (Turgalicia), dependente da Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

O Centro ven realizando actuacións de cooperación técnica ao desenvolvemento con financiamento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para organización de cursos para directivos e técnicos turísticos de países do sueste asiático que se forman en Galicia e levan esta experiencia aos seus países de orixe.

No ano 2010 estudaranse as posibilidades de colaboración entre a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. e o Centro Superior de Hostalería de Galicia co fin de levar a cabo algún proxecto conxunto de cooperación no eido da formación turística.



**3. ACTUACIONES RELACIONADAS COA MELLORA DA CALIDADE DA AXUDA INCORPORANDO DE FORMA MÁIS EFECTIVA OS PRINCIPIOS DA AXENDA DE PARÍS**

Neste ámbito inclúense todas as propostas destinadas a mellorar a calidade e eficacia da política galega de cooperación, establecendo os criterios para a súa mellor xestión e instrumentación. Este ámbito trata de crear as condicións, dende o punto de vista das políticas e instrumentos, para que a cooperación despregue o maior potencial transformador posible nos países en desenvolvemento.

A delimitación das prioridades, propósitos e obxectivos neste ámbito para o ano 2010 coincide coas establecidas no II PD, e para establecer como se traballará no seu cumprimento, referirémonos, por unha banda, e como no caso do ámbito 1, ás novidades e cambios que neste ano 2010 se producirán nos instrumentos de cooperación para dotalos de maior funcionalidade, e por outra, ás actuacións máis concretas que se teñen pensado desenvolver.

O ámbito 2 do II PD inclúe os seguintes obxectivos:

| Ámbitos de actuación  | Obxectivos xerais  | Obxectivos específicos  |
|---|--|---|
| <b>Ámbito 2:</b><br><br>Mellora da calidade da Axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París | O.X. 6<br>Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación | O.E. 6.1<br>Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II PD cun incremento dos recursos de entre o 50% e o 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009 |
|   |  | O.E. 6.2<br>Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais   |
|   | O.X. 7<br>Manter un adecuado grao de concentración dos fondos                                | O.E. 7.1<br>Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos   |
|   |  | O.E. 7.2<br>Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo ao establecido nas prioridades sectoriais   |
|   | O.X. 8<br>Mellorar a planificación e a xestión das intervencións                             | O.E. 8.1<br>Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país  |

| Ámbitos de actuación | Obxectivos xerais  | Obxectivos específicos   |
|----------------------|--|--|
|                      |  | O.E. 8.2<br>Mellorar a capacidade da FAHG para liderar de forma efectiva unha Acción Humanitaria galega de calidade                                |
|                      |  | O.E. 8.3<br>Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda, e a súa adecuación aos tipos de actuación aos que van destinados  |
|                      |  | O.E. 8.4<br>Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade |
|                      | O.X. 9<br>Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da cooperación galega   | O.E. 9.1<br>Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación  |
|                      |  | O.E. 9.2<br>Mellorar a actividade avaliadora   |
|                      | O.X. 10<br>Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperación autónomas e iniciar unha gradual presenza da cooperación galega na acción multilateral | O.E. 10.1<br>Aproveitar as oportunidades que ofrece a Conferencia Sectorial para lograr un maior aliñamento e coordinación                         |
|                      |  | O.E. 10.2<br>Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás CCAA                              |
|                      |  | O.E. 10.3<br>Promover de forma gradual a presenza da cooperación galega na acción multilateral   |

### **3.1. Introducción de melloras nos instrumentos que canalizan as axudas para actuacións no exterior**

Con carácter xeral, e na procura do cumprimento dos obxectivos previstos no II PD, para este 2010 prevense cambios xerais nos instrumentos da cooperación galega que melloren a súa calidade, así:

- Co fin de contribuír ao cumprimento do O.X. 7 mantendo un adecuado grao de concentración dos fondos e tal como xa se dixo, limítase o número de países

prioritarios, pasando de 17 no I PD a 10 no II PD (O.E. 7.1), e tenderase a un maior nivel de concentración dos recursos nos sectores priorizados (O.E. 7.2).

- Establecerase un sistema de avaliación de pares das propostas financiadas, contribuíndo ao cumprimento do O.E. 8.3.
- Favorecerase a especialización dos actores da cooperación, coa finalidade de promover que cada un realice a súa contribución á promoción do desenvolvemento naquelas áreas en que as súas capacidades convérteno no axente idóneo. (O.E. 8.3).
- Elimínanse as restricións á contratación de persoal, aumentando en todas as convocatorias o límite de gasto de persoal subvencionable para acadar un maior investimento en recursos humanos. (O.E. 8.3)
- Redundando tamén na mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda, elimínanse as diferenzas entre os diferentes axentes de cooperación no tocante aos importes máximos das subvencións a percibir, co fin de non penalizar ningún proxecto por mor do actor da cooperación que o presente. (O.E. 8.3).
- Introdúcese unha convocatoria específica de Educación para o Desenvolvemento (EpD), máis ambiciosa que a antiga de sensibilización, ampliando os seus obxectivos a actividades de formación, investigación e mobilización. (O.E. 8.3)

### **3.2. Coordinación interadministrativa**

O novo Plan director indica que cómpre avanzar na mellora das capacidades da Xunta para exercer un papel de liderado na articulación dunha cooperación galega de calidade e lograr unha maior coordinación en dous espazos diferentes, o interno ou galego e o externo.

Polo que respecta ao **espazo galego**, para fortalecer a capacidade da Xunta de Galicia para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade (O.E. 8.4), no seo da Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento creárase un grupo de traballo para a coordinación das accións dos departamentos con orzamentos dedicados a cooperación exterior ou que poden aportar coñecementos técnicos en determinados proxectos.

Consellerías como a do Mar, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Medio Rural ou Educación e Ordenación Universitaria poden prestar unha importante colaboración técnica naqueles proxectos que na súa formulación ou execución necesiten un asesoramento sectorial especializado.

Con esta coordinación preténdese continuar pola senda xa trazada de obter información de tódalas intervencións que levan a cabo as demais consellerías relacionadas coa cooperación exterior, incrementado con isto ademais o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación (O.E. 9.1) e o grao de transparencia e rendición de contas (O.X. 9).

Igualmente, no espazo galego, no marco da Comisión Interterritorial para o Desenvolvemento, tratarase de mellorar a coordinación cos concellos e deputacións galegas, a fin de dispor de información sobre as actuacións que no ámbito da cooperación para o desenvolvemento están a realizar (O.E. 8.4)

Por outra banda, **fóra de Galicia**, seguirase traballando para a mellora dos niveis de coordinación da Xunta de Galicia coa AECID e con outras CC.AA. (O.X. 10), asumindo un papel activo nos foros e reunións de coordinación convocados tanto pola cooperación española como polas cooperación descentralizadas.

Principalmente este ano, a Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza participará activamente na Conferencia Sectorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, constituída o 28 de outubro de 2009, (O.E. 10.1) así como na elaboración dos Marcos de Asociación dos países prioritarios para a Cooperación Galega que a AECID ten programados para este ano (Honduras, O Salvador, Bolivia e Ecuador) (O.X. 6 e O.X. 8)

Igualmente a Xunta de Galicia participará activamente no III Encontro da Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento, que terá lugar en maio en Baleares, en especial no grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento (O.E. 10.2)

### **3.3. Plan anual de avaliacións**

Un dos obxectivos do II PD é incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega (O.X. 9), ao que se pretende contribuír mellorando a actividade avaliadora (O.E. 9.2)

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, é un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.
- En segundo lugar, porque a política de cooperación se leva a cabo con fondos públicos, e é esixible polo tanto un exercicio de rendición de contas.

O traballo avaliador das actuacións da cooperación galega iniciouse en anos anteriores coa avaliación externa de determinados proxectos de cooperación no exterior e a avaliación externa do grao de impacto dos proxectos de sensibilización e educación para o desenvolvemento en Galicia.

Incidindo nesta necesidade avaliadora, no ano 2010 vanse realizar as seguintes avaliacións:

- Avaliación intermedia da *Iniciativa de desenvolvemento integral Oxlajuj Tz'ikin Champerico-Retalhuleu*. Departamento de Retalhuleu. Guatemala

No terceiro ano de desenvolvemento desta iniciativa, considérase necesario realizar unha avaliación que permita comprobar os seus avances e cumprimentos sobre a base da planificación estratéxica inicial.

- Avaliación intermedia da *Iniciativa de desenvolvemento integral para a mellora do Barrio Santa Lucía/La Mosca. Santiago de los Caballeros*. República Dominicana.

Ao igual que no anterior caso, considérase necesario facer unha avaliación intermedia desta iniciativa no terceiro ano de desenvolvemento da mesma.

- Avaliación do *Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica* (Profopac)

Unha vez finalizada a execución da primeira fase de planificación do programa, cómpre realizar unha avaliación de cumprimento de resultados e obxectivos de cara á sentar as bases para a programación de actuacións da seguinte fase.

- Avaliación final dos proxectos de desenvolvemento pesqueiro no Golfo de Fonseca da ONGD Amigos da Terra Galicia

Realizarase unha avaliación final dos proxectos de desenvolvemento pesqueiro no Golfo de Fonseca (Centroamérica), que recibiron financiamento da Xunta de Galicia nas convocatorias publicas de subvencións a proxectos de ONGD das convocatorias dos anos 2005 a 2009:

- Fortalecemento de grupos organizados para a pesca artesanal sustentable e a conservación dos recursos naturais na illa de Ometepe (2009)
  - Promover a conservación dos recursos mariños costeiros e o incremento de beneficios da pesca artesanal no golfo de Fonseca (2008)
  - Melloramento da capacidade de pescadoras e pescadores artesanais para a produción e comercialización de produtos mariños costeiros na península de Cosigüina. Nicaragua (2007)
  - Conservación de recursos mariños costeiros e de desenvolvemento do sector pesqueiro artesanal a través de accións do plan de manexo e aumento das capacidades locais de pescadores (2007)
  - Desenvolvemento de acción do manexo da área natural Bahía de la Unión - Golfo de Fonseca - ADT (2005)
- Avaliación final dos proxectos en materia pesqueira no Salvador da ONGD Asamblea de Cooperación pola Paz

Realizarase unha avaliación final dos proxectos “Fase I, II e III. Promoción do tecido asociativo de 4 iniciativas de economía solidaria en materia pesqueira en O Salvador”, subvencionados a esta entidade nas convocatorias públicas de subvencións a proxectos de ONGD das convocatorias dos anos 2007 a 2009.

### **3.4. Modificacións normativas**

Co obxecto de mellorar a operatividade e funcionalidade da xestión da axuda galega ao desenvolvemento, tal e como establece o II PD, no ano 2010 abordaranse unha serie de modificacións normativas:

- Modificación do Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

Desde a posta en funcionamento do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, constatouse a proliferación de informacións obsoletas así como certas disfuncionalidades no mesmo.

Coa modificación do Decreto 326/2004 tratarase de acadar que o rexistro conteña información fiable e actualizada de todos os axentes de cooperación inscritos, co que se contribuirá ao cumprimento do OE 9.1.

### **3.5. Estudos e informes**

Neste ano 2010 realizaranse outras actuacións que se poden definir como de investimentos de carácter inmaterial que inciden de xeito favorable no desenvolvemento das accións de cooperación, que se articularán a través de contratos de servizos con empresas consultoras que realizan estudos e informes encargados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. Entre outras, prevense as seguintes actuacións:

- Elaboración dun censo de cooperantes galegos no exterior

Elaborarase un censo actualizado dos cooperantes galegos que desempeñen o seu labor no ámbito da cooperación ao desenvolvemento ou da acción humanitaria, tanto dun modo profesional coma voluntario, aos efectos de poder ter un mellor coñecemento da realidade do sector e crear unha rede de profesionais galegos que traballan neste ámbito co fin de compartir experiencias e informacións de interese.

- Elaboración dun estudo sobre a aplicación da Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento e a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, co fin de mellorar a súa funcionalidade e operatividade no eido das xustificacións das axudas.

Encargarase un estudo sobre as posibilidades de establecer sistemas específicos de xustificación e control adaptados á especialidade dos proxectos de cooperación, previstos tanto na lei galega de cooperación ao desenvolvemento como na lei de subvencións de Galicia e que ata o de agora non foron desenvolvidas.

Se as dispoñibilidades orzamentarias así o permitisen, encargaríase a realización dun estudo sobre a cooperación internacional ao desenvolvemento realizada polas empresas galegas, para o que se solicitaría a colaboración da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

### **3.6. Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos.**

En aras de conseguir unha mellor calidade da planificación e da xestión das intervencións (O.X 8), de incrementar o grao de transparencia da cooperación galega (O.X. 9) así como de contribuír ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, durante o ano 2010 recorrerase á contratación de empresas ou persoal técnico experto en determinados ámbitos para realización de servizos tales como:

- Avaliación ex-ante de proxectos: aínda que a fórmula de avaliación por pares está prevista no II PD, no ano 2010 será utilizada para avaliar as propostas que se presenten ás convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación, en aras a conseguir unha maior obxectividade e transparencia no proceso de selección.
- Avaliación intermedia e ex-post de proxectos: contrataranse os expertos necesarios para levar a cabo o plan de avaliacións previsto para o ano 2010.
- Realización de estudos, informes: como se sinalou no apartado anterior, contratarase o servizo de consultoras para a realización daqueles estudos, informes ou traballos técnicos que así o requiran.
- Coordinación e seguimento de intervencións sobre o terreo: para asegurar a adecuada coordinación das iniciativas integrais de desenvolvemento que se están a desenvolver en Guatemala e República Dominicana, contrataranse dous expertos/as en cooperación co fin de asegurar a boa marcha de todas as intervencións. Actuarán como interlocutores da dirección xeral coas autoridades locais e con todas as organizacións participantes nas iniciativas.

#### **4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA PROMOCIÓN NA SOCIEDADE GALEGA DA CONCIENCIA SOLIDARIA RESPECTO Á REALIDADE DO SUR E DA SÚA PARTICIPACIÓN EFECTIVA NA PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO**

Inclúense neste terceiro ámbito todas as accións destinadas a lograr que a sociedade galega sustente firmemente a política de cooperación para o desenvolvemento e sexa partícipe dela. Sen dúbida é esta a base de todo esforzo en materia de cooperación, cuxo fin último é promover as condicións axeitadas para que toda a cidadanía poida realizar unha contribución útil ao esforzo común para a promoción do desenvolvemento, canalizándose as súas potencialidades da forma máis efectiva posible.

A delimitación das prioridades, propósitos e obxectivos neste ámbito para o ano 2010 coincide coas establecidas no II PD, e para establecer como se traballará no seu cumprimento, referirémonos, dunha banda ás novidades e cambios que neste ano 2010 se producirán nos instrumentos de cooperación para dotalos de maior funcionalidade; e doutra ás actuacións máis concretas que se teñen pensado desenvolver.

O ámbito 3 do II PD inclúe os seguintes obxectivos:

| <b>Ámbitos de actuación</b>  | <b>Obxectivos xerais</b>  | <b>Obxectivos específicos</b>  |
|--|---|--|
| <u>Ámbito 3:</u><br><br>Promoción na sociedade galega da conciencia e o coñecemento sobre a realidade do sur | O.X. 11<br>Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar una contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento. | O.E. 11.1<br>Fortalecer aos axentes da cooperación galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación |
|  |   | O.E. 11.2<br>Incrementar a coordinación entre os actores da cooperación galega   |
|  | O.X. 12<br>Realizar unha política activa e integral de Educación para o desenvolvemento da sociedade galega   | O.E. 12.1<br>Estender a Educación para o Desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados             |
|  |   | O.E. 12.2<br>Fomentar o Comercio Xusto e o Consumo Responsable   |
|  | O.X. 13<br>Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación   | O.E. 13.1<br>Promover a transferencia de coñecemento aos países do Sur   |
|  |   | O.E. 13.2<br>Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación   |
|  |   | O.E. 13.3<br>Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación                                  |



#### **4.1. Convocatoria de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD**

Seguindo o establecido na lei galega de cooperación, o II PD recolle como obxectivo específico o fortalecemento dos axentes de cooperación para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación (O.E. 11.1).

A convocatoria pública de axudas e subvencións para fortalecemento de ONGD continuará sendo no ano 2010 a forma máis importante de canalización de fondos da cooperación galega.

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento, con domicilio social ou sede permanente en Galicia, co fin último de que poidan completar en Galicia o máximo de fases posibles do ciclo da cooperación (identificación, formulación, xestión, avaliación e promoción de actividades propias) coa máxima garantía de eficiencia e calidade.

As novidades máis destacadas da convocatoria 2010, que responden aos obxectivos establecidos no II PD, se introducen en coherencia coa finalidade da mesma. Deste xeito se reduce o requisito de antigüidade de inscrición no Rexistro de axentes de Cooperación a 6 meses e límitase a 4 ocasións o ter recibido axudas desta convocatoria. Ademais, adecuaranse os máximos subvencionables para esta convocatoria permitindo financiar accións de maior envergadura.

Debemos resaltar tamén a introdución da perspectiva de xénero dentro dos gastos subvencionables, co fin de que as organizacións fortalezan esa área de actuación.

A dotación total da convocatoria do ano 2010 é de 250.000 euros (100.000 con cargo aos orzamentos de 2010 e 150.000 con cargo aos de 2011). Estes importes supoñen o mantemento do orzamento respecto á do ano 2009.

Ademais, cumpríranse, como non podería ser de outro modo, os compromisos adquiridos na resolución da convocatoria correspondente ao ano 2009, do 14 de abril de 2009, pola que se conceden subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD, por un importe de 105.912 € para o ano 2010.

#### **4.2 Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD).**

Tamén seguindo o establecido na lei galega de cooperación, o II PD recolle como obxectivo xeral a realización dunha política activa e integral de Educación para o Desenvolvemento, por tratarse dunha dimensión de actuación imprescindible en todo esforzo de cooperación realizada desde as sociedades dos países do Norte (O.X. 12).

Os esforzos neste ámbito encamiñanse cara á construción dunha cidadanía comprometida de maneira continuada coa erradicación da pobreza e co desenvolvemento humano sostible. Para iso, debe existir un proceso educativo, sensibilizador e formativo, que permita á sociedade ser

consciente das diversas realidades coexistentes no mundo, e involucrarse nos procesos de desenvolvemento dos países menos favorecidos e na súa loita contra as causas da pobreza.

En anos anteriores a convocatoria de axudas a proxectos nesta materia circunscribíase ao ámbito da sensibilización. Co novo Plan director faise unha aposta máis ampla que permita desenvolver unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento, de aí que a primeira novidade da convocatoria para 2010 sexa a súa ampliación e melloramento para atender a educación para o desenvolvemento, que inclúe estes aspectos:

- Sensibilización, que fai referencia á concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento, que fai referencia á difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países subdesenvolvidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento, que fai referencia ao fomento da investigación sobre as causas do subdesenvolvemento co fin de fortalecer e abrir novas vías de cooperación.
- Mobilización social, que fai referencia á potenciación dos axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

Por outra banda, atendendo as demandas do sector, inclúese como gasto subvencionable o persoal da entidade vinculado a actividades de EpD.

Ao mesmo tempo, potenciaranse accións non incluídas nas convocatorias anteriores como as que promovan a investigación en EpD e a equidade de xénero.

O obxecto destas axudas é polo tanto a realización de actividades de educación para o desenvolvemento en Galicia nos ámbitos de sensibilización, formación, investigación e mobilización.

Debemos ter en conta que a materia de EpD desenvólvese nos centros educativos a través dos currículos formativos oficiais, polo que, en prol da eficacia e a non duplicidade das accións, a dirección xeral traballará en coordinación coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para acadar a complementariedade entre as actuacións que propoñan as ONGD e os contidos dos currículos oficiais (O.E. 12.1).

A dotación total da convocatoria do ano 2010 é de 400.000 euros (160.000 con cargo aos orzamentos de 2010 e 240.000 con cargo aos de 2011). Estes importes supoñen o mantemento do orzamento respecto á do ano 2009.

Cumpríranse, tamén neste caso, cos compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias correspondentes ao ano 2009, segundo o disposto na Resolución do 14 de abril de 2009, pola que se conceden subvencións para proxectos de sensibilización de ONGD por un importe de 91.955 € para o ano 2010.

#### **4.3. Convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fogacosol)**

Ademais do fortalecemento específico das ONGD como actores destacados da cooperación galega, continuarase co apoio financeiro ás actuacións que nese ámbito se promovan dende a Coordinadora Galega de ONGD, polo seu papel como representante dunha gran maioría do sector que permite facilitar a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas; e dende o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, polo seu papel de interlocutor recoñecido como representante da cooperación da Administración local en Galicia.

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD.**

En cumprimento do obxectivo de fortalecemento do sector, asinaranse novamente este ano un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD como entidade que agrupa a 48 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta, e na formación, a sensibilización e a busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Con este convenio estase contribuíndo ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega (O.E. 11.2)

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora, a través de diversas accións como prestar servizos de información e apoio técnico ás ONGD, asistencia a xuntanzas con organización e institucións, promover mesas de diálogo, etc, e por outra, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento.

- **Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

No mesmo senso que no convenio coa coordinadora galega a de ONGD, neste ano asinarase convenio co Fogacosol como entidade plural que agrupa na actualidade a 98 concellos e ás 4 deputacións provinciais de Galicia, comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países, impulsando un maior compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, sensibilizar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista ás entidades sociais e á sociedade galega en xeral, a través de diversas accións como a realización de exposicións, representacións teatrais e de contacontos, edición dun CD con recursos didácticos, etc., e por outra banda, reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo a través das redes municipalistas solidarias, vacacións con traballo, xornadas anuais de cooperación, etc.

#### **4.4. Bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Dende hai anos faise unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega, que redunde nunha mellora da calidade da mesma, a través do financiamento das bolsas de formación de expertos en cooperación ao desenvolvemento que permiten aos beneficiarios/as completar a súa formación con estadias tanto no terreo como na sede da dirección xeral competente na materia.

Este investimento dirixido á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta e outras institucións a través das que se articulan estas bolsas que levan a facer máis eficaz a cooperación.

A convocatoria de bolsas de formación de expertos en cooperación ao desenvolvemento para o ano 2010, publicada no DOG do 10 de decembro de 2009, está dotada con 227.160 euros para un total de 14 bolsas, o que supón un mantemento do número de prazas ofertadas e do orzamento da convocatoria con respecto á do ano anterior.

As principais novidades desta convocatoria son o aumento da idade dos posibles beneficiarios (nados a partir do 1 de xaneiro de 1978), a posibilidade de renovación da bolsa por un ano máis previo o informe favorable da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e a reformulación do baremo de méritos, primando a formación dos aspirantes sobre a experiencia previa.

Os destinos das bolsas seguen a ser as oficinas técnicas de cooperación da AECID, as delegacións das axencias de Nacións Unidas (FAO ou Unifem), as iniciativas de desenvolvemento integral da Xunta de Galicia e a sede da dirección xeral en Santiago de Compostela.

#### **4.5. Cursos de formación**

De acordo co O.X. 11 do II PD, e co obxecto de reforzar a base social que sustenta a política de cooperación, así como a implicación activa da cidadanía nas accións en que se concreta a devandita política, impartiranse cursos de formación na Escola Galega de Administración Pública co gallo da aprobación do II PD para concienciar ao colectivo do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia sobre as accións de desenvolvemento que se están a promover dende as institucións galegas.

De igual forma atenderase á formación e ampliación de capacidades en materia de cooperación para o desenvolvemento do resto de axentes da cooperación galega co fin de acadar unha participación máis efectiva daqueles actores que xa están implicados na cooperación e a incorporación de actores potenciais que, grazas a estas actividades formativas e de capacitación, poden converterse en axentes activos da promoción do desenvolvemento.

Así mesmo apoiaranse outros cursos dirixidos ao fortalecemento do sector que organicen as ONGD e outros axentes de cooperación.

#### **4.6. Colaboración coas universidades**

Dentro do sistema galego de cooperación, as universidades galegas teñen un gran potencial na xeración do coñecemento experto, así como unha capacidade notable para constituírse en espazos de formación, non só de saberes técnicos, senón tamén de valores cidadáns, o que as converte en un axente de cooperación fundamental de cara á consecución do obxectivo xeral de incrementar o apoio á investigación e á formación no sector da cooperación (O.X. 13)

Así pois, no ano 2010, seguirase a apoiar ás universidades galegas nos eidos da investigación, formación e sensibilización en materia de desenvolvemento e cooperación.

- **Apoio á formación**

Continuarase financiando as accións desenvoltas dende a Universidade de Santiago de Compostela como o “Máster en xestión da cooperación internacional e das ONGD” e a Escola de Verán sobre temas relacionados coa cooperación ao desenvolvemento, ou da Universidade da Coruña, como o “Diploma en cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONGD”. (O.E. 13.2) ou outras actividades formativas.

- **Apoio ás actuacións de sensibilización**

Apoiáranse as actuacións, xeralmente desenvoltas dende as oficinas de cooperación e voluntariado das universidades, que actúan como centros encargados de xestionar, coordinar e potenciar os eidos do voluntariado e a cooperación ao desenvolvemento nas universidades, que se realicen co fin de ofertar unha formación de calidade a través de accións como seminarios, ciclos de conferencias ou proxectos de coñecemento da realidade coa pretensión de facer chegar ao público universitario e á sociedade galega a realidade dos países do sur e a importancia da cooperación na construción dun mundo máis xusto. (O.X. 12).

- **Observatorio da cooperación interuniversitaria. (OCI)**

A coordinación entre os actores que forman o tecido galego da cooperación é importante para acadar a maior eficacia posible na axuda.

De acordo co obxectivo xeral O.X. 13, a Xunta de Galicia debe incrementar o apoio á investigación e formación do sector da cooperación, e unha das formas de facelo é promocionando accións conxuntas entre diferentes actores e creando espazos de diálogo e encontro que permitan que os axentes con áreas de actuación complementarias ou similares poidan establecer marcos de colaboración e acción concertada que xeren unha maior capacidade da cooperación galega no seu conxunto.

En cumprimento deste obxectivo apoiarase a creación dun observatorio de cooperación universitaria, do que formarán parte as tres universidades galegas.

As universidades están xa a executar múltiples proxectos de cooperación ao desenvolvemento aínda pouco visibles na comunidade universitaria e na sociedade en xeral. Coa creación deste

observatorio tratarase de dar resposta á situación de dispersión dos esforzos e mellorar a coordinación das accións. (O.E. 13.3)

#### **4.7. Modificacións normativas**

- **Novo Regulamento de funcionamento do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento**

A letra e) do artigo 22 da Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento e a letra e) do artigo 10 do Decreto 326/2004 que a desenvolve, establece como unha das funcións do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento aprobar o seu regulamento de funcionamento.

Ata a actualidade o Consello viña traballando cun regulamento que non respondía as necesidades de actuación do dito Consello polo que se abordara neste ano a elaboración dun novo regulamento de funcionamento desde órgano.

Preténdese reforzar o seu papel e funcionalidade en aras dunha mellor coordinación dos actores da cooperación galega e do fortalecemento das capacidades da Xunta no seu labor directivo. (O.E. 11.2)

#### **4.8. Estudos e publicacións**

Tomando coma referencia o obxectivo xeral do II PD de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE acometerá ao longo do ano un estudo e unha serie de publicacións co fin de promover a implicación da cidadanía galega respecto aos países do Sur e dar a coñecer a política de axuda que desde Galicia se leva a cabo.

- **Elaboración dun estudo sobre a percepción da sociedade galega da cooperación ao desenvolvemento.**

Estímase necesario no primeiro ano de vixencia do novo Plan director ter en conta o que a sociedade galega coñece en relación as políticas de desenvolvemento, se as accións de sensibilización ata o de agora realizadas produciron os efectos buscados e as demandas da sociedade aos actores, como punto de partida para programar as actuacións necesarias neste eido.

- **Publicación da Declaración dos Dereitos do Neno**

A Convención sobre os Dereitos do Neno vén de cumprir 20 anos. O texto, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, reconece os dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais do neno e obriga aos estados asinantes a traballar no seu cumprimento.

En conmemoración destas dúas décadas de vida da Convención, vense de publicar unha edición bilingüe da mesma que será distribuída entre a sociedade galega, en especial entre os centros educativos de educación secundaria .

- **Publicación do Informe 2009 da Cooperación Galega**

Como cada ano, o centro directivo responsable da execución das políticas de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia publicará o informe anual de actividades do ano anterior, que dará conta das actuacións financiadas no ano 2009.

- **Publicación do II Plan director da Cooperación Galega**

De acordo co mandato establecido pola a Lei 3/2003 de Cooperación ao Desenvolvemento, en 2006 aprobouse o I Plan director da Cooperación, no que se estableceron os obxectivos, prioridades e contidos que debían rexer esta política pública ao longo do período 2006-2009. Tratábase do primeiro ensaio de planificación que afrontaba a cooperación galega. Concluído o período da súa vixencia, neste ano 2010 aprobarase un novo Plan director que oriente os esforzos da cooperación galega durante o período 2010-2013.

O II PD pretende ser unha ferramenta útil, compartida por toda a sociedade galega, que permita a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada aos procesos de desenvolvemento dos países do sur.

Para garantir a súa difusión e coñecemento por todos os actores da cooperación e pola sociedade galega en xeral, o Plan será publicado unha vez sexa aprobado polo Parlamento de Galicia.

Se as disponibilidades orzamentarias así o permitiran, podería editarse o Informe sobre a avaliación do I Plan director da Cooperación Galega, que en todo caso será publicado en galego e en castelán na web de cooperación galega.

#### **4.9. Conmemoración de datas significativas para a cooperación internacional para o desenvolvemento**

Ao longo do ano existen diversas datas con especial significación para a cooperación internacional ao desenvolvemento.

En especial, a cooperación galega, conmemorará neste ano 2010 as seguintes datas:

- **Día do cooperante**

No ano 2006, coincidindo coa aprobación do Estatuto do cooperante estableceuse o 8 de setembro como o Día especialmente dedicado a este colectivo, en memoria á data na que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas subscribiu a Declaración do Milenio no ano 2000. Nese día a comunidade internacional comprometeuse a cumprir os oito Obxectivos de

Desenvolvemento do Milenio, encamiñados a reducir os niveis de pobreza mundial antes do 2015.

Por este motivo a cooperación galega sumarase a esta iniciativa e conmemorará o Día de cooperante co propósito de visualizar o traballo deste colectivo e recoñecer a súa importante tarefa para construír un mundo máis igualitario e xusto.

- **Día dos dereitos humanos**

O 10 de decembro de 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou e proclamou en París a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A aprobación dos 30 artigos da carta universal deu paso á celebración do Día internacional dos dereitos humanos cada 10 de decembro.

Por este motivo a cooperación galega sumarase a esta iniciativa e conmemorará o Día mundial dos dereitos humanos co propósito de dar a coñecer a sociedade tanto os resultados acadados como os futuros retos na loita contra a pobreza.

#### **4.10. Campaña de promoción dos Obxectivos de Milenio (ODM)**

A Xunta de Galicia sumarase á Campaña de promoción dos ODM “*Sen excusas 2015*” promovendo iniciativas de sensibilización entre os distintos sectores da cidadanía. Así, diferentes consellerías incorporarán nas súas respectivas áreas de actuación (sanidade, educación, benestar, cultura, etc.) os ODM e a loita contra a pobreza.



## **5. ACTUACIÓNS DA FUNDACIÓN AXENCIA HUMANITARIA DE GALICIA**

Por vez primeira o Plan anual de actuación da cooperación galega inclúe a planificación das actuacións da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, nun esforzo de busca da coordinación e complementariedade necesaria para garantir unha maior eficacia e calidade da axuda.

O comezo de ano viuse condicionado pola necesidade de dar resposta inmediata á situación de emerxencia xurdida polo terremoto que asolou a illa caribeña de Haití no mes de xaneiro. A FAHG comezou por realizar accións inmediatas de atención ás vítimas que, nos primeiros momentos da crise, consistiron na achega de 15.000 euros para mercar material de axuda humanitaria, e de pouco máis dunha tonelada de material sanitario valorado en máis de 10.000 euros e pertencentes ao Fondo de emerxencias que a FAHG creou en colaboración coa ONG Farmamundi. Como parte tamén desta primeira resposta puxéronse a disposición de Cruz Vermella 10.000 € para colaborar nos labores de mellora do acceso a auga e saneamento básico que están a desenvolver.

A resposta da FAHG ante a catástrofe vivida na illa caribeña non remata aquí e Haití será ao longo do ano destino prioritario das accións que se financien pola FAHG.

O plan de actuación da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia foi aprobado na reunión do seu padroado o día 29 de outubro de 2009. Establece os obxectivos, as actividades que se prevén desenvolver e o custe das mesmas, entre outras cousas. A aposta neste ano é a reordenación da FAHG co fin mellorar a calidade das accións que se emprenda, de acordo co O.X. 5 do II PD.

O Plan de actuacións da Axencia Humanitaria de Galicia establece catro obxectivos estratéxicos de longo alcance, recoñecidos coma fins propios nos seus estatutos, ao redor dos cales se concretan obxectivos operativos que se esperan cumprir na execución deste Plan anual 2010.

Estes obxectivos estratéxicos son:

- Contribuír á mellora das condicións de vida das poboacións afectadas por crises humanitarias, desastres e conflitos, garantido a preparación previa, a prevención, e os traballos de rehabilitación e reconstrución, mediante a mellora da calidade da axuda.
- Aumentar as capacidades de resposta rápida e eficaz da FAHG ante unha emerxencia, tendo en conta criterios de necesidade e vulnerabilidade, entre outros, contribuíndo ao cumprimento do O.E. 5.2
- Mellorar a formación e coordinación das organizacións e entidades galegas de acción humanitaria, fortalecendo desta maneira a capacidade dos axentes galegos, en claro cumprimento do establecido no O.X. 11 e especificamente no O.E. 11.1.
- Sensibilizar á poboación e ás institucións gobernamentais e non gobernamentais galegas, para que coñezan e se involucren nas accións humanitarias.

Os obxectivos operativos cos que se vai contribuír ao cumprimento destes obxectivos estratéxicos son:

- Establecer unha convocatoria anual, aberta e permanente que fixe criterios claros de concesión de axudas, co que se aumenta a capacidade da FAHG para liderar unha acción humanitaria galega de calidade tal e como se establece no O.E. 8.2.

Co obxectivo de mellora o cumprimento dos fins que a fundación ten asinados, e no referido en concreto á mellora da calidade das accións humanitarias que se levan a cabo, é necesario estandarizar a concesión de subvencións e celebración de convenios.

Tendo en conta ademais o ano de austeridade económico co que nos enfrontamos, a Axencia Humanitaria de Galicia, mantendo o destino da maior parte dos seus recursos á concesión de axudas, vai establecer para a xestión das mesmas, unha convocatoria anual, aberta e permanente que fixe criterios claros de asignación.

- Creación dun fondo de emerxencias, dotado material e economicamente, que permita dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega (O.E. 5.2)

A Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, ten entre os seus fins o de dar resposta a crises producidas por emerxencias humanitarias. A actuación en emerxencias require dunha resposta rápida e eficaz, e para logralo é necesario ter a disposición tanto material de resposta ante emerxencias coma fondos que trasladar a terreo, para o cal considerase necesario contar cun fondo de emerxencias, dotado material e economicamente.

Xunto a isto, asinouse este ano un convenio coa AECID para a dotación de material de emerxencias ao Centro Loxístico que a AECID ten en Panamá, co fin de dar resposta rápida as emerxencias que se produzan na rexión americana.

- Deseño e implementación dun Plan anual de formación destinado a profesionais e organizacións galegas de acción humanitaria.

Como mandato estatutario a fundación ten coma fin outorgar formación aos profesionais galegos dedicados ao labor humanitario. No ano 2010, partindo das necesidades de formación identificadas no sector, deseñárase un Plan anual de formación que permita racionalizar a formación garantindo a mellora das capacidades dos profesionais galegos. (O.E. 11.1)

- Elaboración dun protocolo de actuación conxunta ante emerxencias.

A resposta ante emerxencias require unha coordinación e complementariedade absoluta entre axencias doantes e outros actores. Dada a xuventude dos proxectos de cooperación en Galicia, convén, tal e como vimos no obxectivo anterior, reforzar mediante a formación, coordinación e diálogo, a resposta do sector público e a sociedade civil. (O.E. 5.2)

- Coordinación con outros actores gobernamentais e non gobernamentais a posta en marcha de campañas de sensibilización á poboación en xeral.

Como fin da fundación establécese a realización de campañas de sensibilización o cal é importante para dar a coñecer a tarefa que desempeña a FAHG, e por transparencia e rendición de contas coa poboación galega. As campañas de sensibilización permiten así mesmo incidir e denunciar certas situacións nas que se atopan as poboación afectadas por crises humanitarias, para que dende a sociedade civil se reclame unha mellora daquelas situacións inxustas.

- Establecemento das liñas básicas dun Plan de captación de fondos a través da incorporación de colaboradores e patrocinadores.

Co fin de adaptalos estatutos da FAHG á nova lexislación, abriuse un proceso de modificación estatutaria. Aproveitase este proceso a introdución da figura de colaboradores e patrocinadores que fagan contribucións para o desenvolvemento de actividades pola FAHG.

Unha vez realizada a modificación estatutaria e a incorporación destas figuras, elaborárase un Plan de captación de fondos que permita incrementar a cantidade da axuda presada.

Para o ano 2010 contarase cun **orzamento** de partida de 720.000€

## 6. ORZAMENTOS

Aínda que o Goberno galego, de acordo coas previsións establecidas no II PD, renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos, os orzamentos para o ano 2010 sofren unha redución respecto aos de 2009, no que poderíamos denominar un “ano de emerxencia”, no marco da redución xeral dos orzamentos dedicados a cooperación nunha boa parte das CC.AA. españolas.

Ademais do orzamento propio para cooperación exterior da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E., destácanse as achegas económicas a proxectos de cooperación para o desenvolvemento da Consellería do Mar.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2010 por capítulos de gasto:

| <b>CAPÍTULO</b>   | <b>CONCEPTO</b>                                 | <b>CONTÍA (€)</b>    |
|---|---|----------------------|
| <b>D.X. RR. EE. E COA U.E.</b>  |   |                      |
| <b>Capítulo I</b>   | Gastos persoal                                  | 451.805,00           |
| <b>Capítulo II</b>  | Gastos de funcionamento                         | 160.330,00(*)        |
| <b>Capítulo IV</b>  | Fundación Axencia Humanitaria                   | 720.000,00           |
|   | Transferencias a universidades                  | 170.000,00           |
|   | Transferencias a institucións sen fins de lucro | 600.000,00           |
|   | Actuacións de cooperación no exterior           | 4.222.226,00         |
|   | Bolsas formación en cooperación                 | 227.160,00           |
| <b>Capítulo VI</b>  | Fomento da cooperación                          | 355.283,00           |
| <b>Capítulo VII</b>   | Actuacións de cooperación no exterior           | 3.000.000,00         |
| <b>TOTAL ORZAMENTO D.X. RR. EE. E COA U.E.<br/>(Área de cooperación para o desenvolvemento)</b> |   | <b>9.906.804,00</b>  |
| <b>ORZAMENTO CONSELLERÍA DO MAR</b>   |   | <b>300.000,00</b>    |
| <b>TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA</b>   |   | <b>10.206.804,00</b> |

(\*) importe resultante do rateo do orzamento do capítulo II da dirección xeral entre as diferentes unidades que a integran